

b) Recento de ácaros sobre as abellas adultas:

O procedemento consiste en tomar unha mostra de entre 100 a 300 abellas adultas, se pode ser que estivesen sobre tres cadros de cría distintos, introducilas nun envase con azucre en po, axitar e despois verter sobre unha malla que deixe pasar os ácaros pero non as abellas. Posteriormente faise o recento.

$$\% \text{ infestación} = \text{n}^\circ \text{ de ácaros} / \text{n}^\circ \text{ de abellas} \times 100$$

➤ Indicacións para o tratamento:

- Se a porcentaxe de infestación > 3%, a colonia require tratamento.
- A partir dun 5% requírese tratamento urxente das colmeas para evitar posibles colapsos.
- É necesario repetir o procedemento cada dous ou tres meses, e se é posible, sobre as mesmas colmeas.

c) Recento de ácaros adultos caídos sobre o fondo da colmea, caída por morte natural de varroa:

Utilízanse fondos sanitarios ou cartolinas impregnadas con vaselina ou sebo, que se deixan na colmea entre catro e sete días. Unha vez recollidas, faise o recento de ácaros dividindo entre o número de días.

➤ Indicacións para o tratamento:

- A partir de 5 varroas / día, a colonia require tratamento.
- A partir de 10-15 varroas / día, a taxa de infestación xa é moi alta, polo que se debería facer tratamento inmediato para evitar a perda das colmeas.

➤ Outras recomendacións:

- i. Deberíase facer o recento, como mínimo, unha vez por mes.
- ii. Todos estes métodos se deben realizar sobre polo menos un 15-20% das colonias dunha alvariza, para que sexa representativo.
- iii. Para obter unha mellor referencia sobre o grao de infestación, cómpre facer tanto o recento sobre as celas de cría como sobre as abellas adultas para cada colmea elixida.

**ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Resolución do 22 de febreiro de 2010 pola que se convoca un seminario sobre A discrecionalidade no exercicio das potestades de planificación, xestión e disciplina urbanística.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2010 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística un seminario sobre A discrecionalidade no exercicio das potestades de planificación, xestión e disciplina urbanística, conforme ás seguintes bases:

1. Obxectivos.

As competencias en materia de urbanismo comprenden as potestades de planeamento, de xestión e

execución de instrumentos planificadores, de intervención no mercado de solo, e de disciplina urbanística. No exercicio destas potestades as administracións públicas gozan dunha ampla marxe de discrecionalidade administrativa que lles permite optar entre varias opcións xuridicamente indiferentes. Non obstante, estas potestades urbanísticas non poden ser exercidas arbitrariamente, senón que están sometidas a limitacións e controis.

E así, a lei establece determinadas limitacións coa finalidade de garantir os dereitos constitucionais dos cidadáns en relación co territorio, sexan ou non propietarios do solo, en especial o dereito a un medio urbano e natural adecuado para o desenvolvemento da persoa (artigo 45 da CE), o dereito ao acceso a unha vivenda digna (artigo 47 da CE) e o dereito de participación nos asuntos públicos.

E tamén establece limitacións para garantir os dereitos dos propietarios do solo, determinando o seu estatuto xurídico básico e os dereitos de igualda-

de e de participación da comunidade nas plusvalías xeradas polo plan.

O obxectivo deste seminario é coñecer o alcance das potestades de planeamento, de xestión e de disciplina urbanística, as súas limitacións e os condicionamentos xurídicos.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-O sistema urbanístico de Galicia. Principios básicos: utilización racional do solo. Participación da comunidade nas plusvalías xeradas polo plan. Xusta distribución de beneficios e cargas. Participación cidadá.

-Os dereitos dos cidadáns en relación co territorio. O dereito a vivir nun medio adecuado para o desenvolvemento da persoa. O dereito ao acceso a unha vivenda digna. Os dereitos de participación e de información. A acción pública.

-A discrecionalidade no exercicio das potestades de planificación urbanística. Limitacións legais. Os mecanismos de control de legalidade e de calidade. Alcance da intervención da Administración autonómica. Garantías dos cidadáns e dos propietarios do solo.

-A discrecionalidade no exercicio das potestades de xestión urbanística, execución do planeamento e disciplina urbanística. Limitacións legais. Os mecanismos de control de legalidade e de calidade. Garantías dos cidadáns e dos propietarios do solo.

-O estatuto xurídico da propiedade do solo. Facultades urbanísticas: apropiación do aproveitamento urbanístico. Deberes e cargas urbanísticas: cesión, urbanización e equidistribución. O papel do empresario promotor da actividade urbanística.

-O control xurisdiccional das potestades urbanísticas. Medidas preventivas. Execución de sentenzas.

-Os delitos urbanísticos. Outros delitos relacionados coa actividade urbanística.

-A corrupción urbanística. Apropiación indebida de aproveitamento urbanístico lucrativo. Consecuencias. Tipos de actuacións ilícitas.

-Mesa redonda: a limitación da discrecionalidade no exercicio das potestades urbanísticas.

3. Destinatarios.

Alcaldes/esas e concelleiros/as, secretarios/as de concellos, persoal das administracións públicas que desenvolva funcións de asesoramento en materia de urbanismo, e interesados/as en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP); rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Data: 8 e 9 de marzo de 2010.

Duración: 9 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública (polígono das Fontiñas; rúa de Madrid, 2-4, CP 15707, Santiago de Compostela), segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e serán presentadas no rexistro xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Serán admitidas inscricións por medio de fax enviado ao número 981 54 63 30 ou por correo electrónico dirixido ao enderezo novas.egap@xunta.es.

-Inscricións fóra de prazo: só serán admitidas, de quedaren prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión se chaman por teléfono, das 8.30 ás 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 41-881 99 70 14.

7. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o xoves 4 de marzo de 2010.

8. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste seminario, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Seralles entregado un certificado de asistencia, ao final do seminario, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa a natureza da actividade e a data de realización.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega
de Administración Pública

FOLLA DE INSCRICIÓN

1. SOLICITANTE		
Apelidos	Nome	DNI

2. DATOS PROFESIONAIS					
Posto de traballo/ Profesión	Corpo, subgrupo ou escala (1)			Nivel (2)	
Entidade na que presta servizos: (3)					
Enderezo do posto de traballo: Rúa	Nº.	Localidade	Provincia	CP	Tfno.
Correo electrónico:					

3. ACTIVIDADE SOLICITADA					
Solicita asistir ao seminario sobre A discrecionalidade no exercicio das potestades de planificación, xestión e disciplina urbanística, que terá lugar os días 8 e 9 de marzo de 2010 na Escola Galega de Administración Pública (EGAP); rúa de Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela					
Sinatura,					
..... de..... de 2010.					
Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento por este órgano administrativo, como titular responsable deste, no uso das funcións propias que teñen atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro)					

(1, 2 e 3): cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.

Sr. Director da EGAP. Polígono das Fontiñas; rúa de Madrid, 2-4, CP 15707, Santiago de Compostela (A Coruña).

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 9 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 1512/2008, interposto pola Confederación Intersindical Galega.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 1512/2008, interposto pola Confederación Intersindical Galega, contra a Orde do 30 de setembro de 2008 pola que se convocan para a elección de destino provisional as persoas que superaron

o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, grupo D.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2010.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública